

RESOLUCIÓN DA XEFATURA TERRITORIAL DA CONSELLERÍA DO MAR DE VIGO POLA QUE SE AUTORIZA O EMPREGO DA LISTA DE RESERVA XURDIDA DA RELACIÓN DEFINITIVA DE PERSOAS NON SELECCIONADAS PARA TER ACCESO AO PERMISO DE EXPLOTACIÓN PARA MARISQUEO A PÉ NA CONFRARÍA DE PONTEVEDRA

ANTECEDENTES

Primeiro. Mediante a Resolución do 29 de xuño de 2022, da Xefatura Territorial da Consellería do Mar en Vigo, publícase a relación definitiva de aspirantes seleccionados e non seleccionados para o acceso ao permiso de explotación na modalidade de marisqueo a pé para o exercicio da actividade extractiva no ámbito territorial da confraría de pescadores de Pontevedra. A lista de non seleccionados constitúe unha lista de reserva, que poderá ser empregada para cubrir as prazas vacantes que se produzan durante o ano da súa vixencia.

Segundo. O día 06 de xullo de 2022, a Confraría de Pontevedra solicita o emprego da lista de reserva para cubrir dúas (2) prazas vacantes. Mediante resolución do 28 de xullo de 2022, da Xefatura Territorial do Mar en Vigo, autorízase o uso da lista de reserva para cubrir as vacantes solicitadas.

Terceiro. O día 12 de setembro de 2022, a Confraría de Pontevedra solicita o emprego da lista de reserva para cubrir unha (1) praza vacante. Mediante resolución do 21 de setembro de 2022, da Xefatura Territorial do Mar en Vigo, autorízase o uso da lista de reserva para cubrir as vacantes solicitadas.

Cuarto. O día 25 de novembro de 2022, a Confraría de Pontevedra solicita o emprego da lista de reserva para cubrir tres (3) prazas vacantes. Mediante Resolución do 28 de novembro de 2022, da Xefatura Territorial do Mar en Vigo, autorízase o uso da lista de reserva para cubrir as vacantes solicitadas.

Quinto. O día 8 de febreiro de 2023, a Confraría de Pontevedra solicita o emprego da lista de reserva para cubrir dúas (2) prazas vacantes. Mediante Resolución do 17

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



de febreiro de 2023, da Xefatura Territorial do Mar en Vigo, autorízase o uso da lista de reserva para cubrir as vacantes solicitadas.

Sexto. Nas datas do 3 e 12 de maio de 2023, a Confraría de Pontevedra solicita o emprego da lista de reserva para cubrir catro (4) prazas vacantes. Mediante Resolución do 12 de maio de 2023 da Xefatura Territorial do Mar en Vigo, autorízase o uso da lista de reserva para cubrir as vacantes solicitadas.

Sétimo. O 30 de maio de 2023 a Confraría de Pontevedra solicita o emprego da lista de reserva para cubrir dúas (2) prazas vacantes. O 31 de maio de 2023, a persoa situada no segundo posto da lista de reserva vixente presenta a súa renuncia. Mediante Resolución do 1 de xuño de 2023 da Xefatura Territorial do Mar en Vigo (Corrección de erros do 2 de xuño de 2023), autorízase o uso da lista de reserva para cubrir as vacantes solicitadas.

Oitavo. O 21 de xuño de 2023 a Confraría de Pontevedra solicita o emprego da lista de reserva para cubrir dúas (2) prazas vacantes.

Noveno. O 22 de xuño de 2023, a persoa situada no primeiro posto da actual lista de reserva vixente presenta a súa renuncia.

CONSIDERACIÓNS LEGAIS E TÉCNICAS

Primeiro. Esta Xefatura Territorial é o órgano competente para o outorgamento dos permisos de explotación de conformidade co establecido no Decreto 425/1993, do 17 de decembro, polo que se refunde a normativa vixente sobre o permiso de explotación para exercer a actividade pesqueira e marisqueira, modificado polo Decreto 114/2007, de 31 de maio e polo Decreto 48/2013, do 7 de marzo.

Segundo. A Orde da Consellería do Mar do 15 de xullo de 2011 pola que se regula o permiso de explotación para o marisqueo a pé (DOG nº 144 de 28 de xullo de 2011)

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal



establece no seu artigo 7 a constitución dunha lista de reserva integrada pola relación definitiva de persoas non seleccionadas que non foron excluídas do procedemento selectivo, cunha vixencia dun (1) ano que se contará desde o día seguinte ao da data de modificación da resolución da xefatura territorial.

A confraría de pescadores ou entidade asociativa, de conformidade coa agrupación sectorial, de estar constituída, poderá solicitar á xefatura territorial correspondente o emprego da lista de reserva nos seguintes supostos:

- a) Cando se produzan prazas vacantes durante o proceso de outorgamento.
- b) Cando se produzan prazas vacantes durante a vixencia dos plans de xestión correspondentes.

Terceiro. A Circular MA-02-2020 da Dirección Xeral de Desenvolvemento Pesqueiro, pola que se ditan instrucións para a presentación dos plans de xestión de moluscos bivalvos en zonas de autorización e plans específicos para zonas de libre marisqueo para os anos 2021, 2022 e 2023, indica no seu apartado B.2.2:

“No caso de plans de xestión na modalidade de marisqueo a pé, se durante o desenvolvemento do plan se producisen vacantes definitivas ou temporais (caso da situación de incapacidade permanente total) e co obxecto de manter o número de participantes, empregárase a lista de reserva, de estar vixente, ou en caso contrario, iniciarse un novo proceso selectivo”.

A Confraría de Pontevedra solicita o emprego da lista de reserva para cubrir dúas (2) prazas que quedaron vacantes durante a vixencia do plan de explotación, xurdidas por xubilación.

Cuarto. Correspóndelle a esta Xefatura Territorial ditar esta resolución de acordo co disposto no Decreto 245/2009 do 30 de abril, polo que se regulan as delegacións territoriais da Xunta de Galicia.

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal





Á vista do exposto, esta Xefatura Territorial, en virtude das competencias atribuídas,

RESOLVE: Autorizar o emprego da lista de reserva para cubrir **dúas (2) prazas vacantes** e publicar o nome das persoas seleccionadas para o outorgamento do permiso de explotación de marisqueo a pé na confraría de Pontevedra:

Apelidos e nome	D.N.I.
IGLESIAS LOIS, MARÍA MILAGROS	52497874Y
COSTA VALLADARES, JONATHAN	77542830D

Nota: ocúltase parcialmente o número de D.N.I. en aplicación das garantías de protección da súa divulgación, seguindo o establecido pola Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Personais e Garantía dos Dereitos Dixitais en relación á identificación dos interesados nas notificacións por medio de anuncios e publicacións de actos administrativos, así como a orientación para a súa aplicación da Axencia Española de Protección de Datos.

As persoas seleccionadas deberán acreditar no **prazo de quince (15) días hábiles**, que se contarán dende o día seguinte ao que se publique esta resolución, os requisitos para obter o permiso de explotación; de non facerse así neste prazo, entenderase que decaen do seu dereito. Deberán presentar a seguinte documentación:

- Fotografía co seu nome e DNI escrito por detrás.
- Documento médico que acredite que a persoa non está incapacitada para exercer os labores de marisqueo.
- No caso de non ter sido asinada a autorización da consulta: certificado que acredite que a persoa non é perceptora da renda de integración social de Galicia (RISGA). As persoas perceptoras da renda de integración social de Galicia, deberán renunciar a ela.
- No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta: certificado da Seguridade Social que acredite que a persoa non é perceptora de pensións de



xubilación, grande invalidez, incapacidade permanente absoluta, incapacidade permanente total, en favor de familiares.

e) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta do certificado de mariscador no caso de que o posúan e non fose presentado coa solicitude: copia do certificado de mariscador. Aquelas persoas que non o posúan, terán que realizar o curso a primeira vez que sexan convocados - salvo causa debidamente xustificada - pola Dirección xeral de Desenvolvemento Pesqueiro.

f) No caso de non ter sido asinada a autorización para a consulta: certificado que acredite estar empadroado/a nun municipal do litoral de Galicia.

A documentación requirida deberá dirixirse á Xefatura Comarcal do Mar en Pontevedra.

Se dentro do prazo fixado non presentase a documentación ou do exame dela se deducise que carecen dalgún dos requisitos sinalados na base I.2. da convocatoria do proceso selectivo, entenderase que desiste da súa solicitude (excepto o certificado de mariscador, apartado III. d) das bases da convocatoria). Neste caso, emitirase unha nova resolución modificándoa, na que se indicarán as persoas aspirantes seleccionadas pola desistencia das persoas que non presentaron a documentación ou carecen dos requisitos, outorgándolles un prazo de quince (15) días hábiles, que se contarán a partir do día seguinte ao da publicación da nova resolución, para que acheguen a documentación que figura na base III da convocatoria.

De conformidade co disposto nos artigos 121 e 122 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas (BOE núm. 236, do 2 de outubro de 2015), contra esta resolución, que non esgota a vía administrativa, poderán interpor recurso de alzada ante a conselleira do Mar no prazo de un mes a contar dende o día seguinte ó da súa notificación.

A xefa territorial
Sonia Lorenzo Santos

Xefatura Territorial de Vigo
Rúa Concepción Arenal, 8-4º andar
36201 Vigo (Pontevedra)
Tel.: 986817104
recursosmarinos.cmm.vigo@xunta.gal

